

DOMINGO 18 ORDINARIO CICLO A

PRIMEIRA Is 55, 1-3

Comprade comida e comedo

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE ISAÍAS

Di o Señor:

¡Ouh, sedentos todos, vinde por auga!
Os que non tedes prata, vinde,
comprade comida e comedo,
vinde e comprade comida;
sen prata e sen diñeiro (comprade) viño e leite.
Porque cambiades prata polo que non é pan
e o voso xornal polo que non farta.
Escoitádeme ben:
comede ben e que a vosa gorxa se alegre coa graxa.
Baixade o oído e vinde onda min,
facédeme caso e revivirán as vosas ilusiós,
pois pactarei convosco unha alianza eterna,
os beneficios de David que se manteñen firmes.

SALMO RESPONSORIAL Sal 144, 8-9. 15-16. 17-18

R/ (cf 16): Abres ti a túa man, Señor, e dásnos fartura

O Señor é clemente e compasivo,
tardo á ira e rico en amor.
O Señor é bo para todos,
agarimoso con todas as súas obras.

Todos os ollos cara a ti agardan
que ti lles deas o sustento ao seu tempo.
Abres ti a túa man
e dáslle fartura a todo ser vivo.

O Señor é xusto nos seus camiños todos,
bo en todos os seus feitos.
O Señor está cerca dos que o chaman,
dos que sinceramente o invocan.

SEGUNDA Rm 8, 35-39

Ningunha criatura nos poderá separar do amor de Deus, que se dá en Cristo

**PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA
NA CARTA DE SAN PAULO APÓSTOLO AOS ROMANOS**

Irmáns e irmás:

Quen nos pode arredar do amor de Cristo? a tribulación, a angustia, a persecución, a fame, a nudez, o perigo, ou a espada? Porque está escrito:

Por causa túa estamos ás portas da morte o día enteiro, parecemos ovellas listas para o sacrificio.

- Pero en todas estas cousas vencemos coa axuda daquel que nos amou. Porque estou seguro de que nin a morte nin a vida, nin os anxos nin os principados, nin o presente nin o porvir, nin as potestades, nin a altura nin o abismo, nin calquera outra criatura nos poderá afastar do amor que Deus nos ten en Cristo Xesús, noso Señor.

ALELUIA Mt 4, 4b:

O home non vive só de pan, senón de toda palabra que procede da boca de Deus

DOMINGO 18 ORDINARIO CICLO A

EVANXEO Mt 14, 13-21

Comeron todos e saciáronse

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MATEO

Daquela, cando soubo Xesús da morte do Bautista, retirouse de alí nunha barca a un lugar deserto e arredado. En canto a xente o soubo, foino seguindo por terra desde as vilas. Así, cando desembarcaron, atopouse cun gran xentío. El, conmovido, curou a todos os enfermos. Chegada a tarde, os discípulos foron onda el e dixéronlle:

- O lugar está moi arredado e a hora moi avanzada: será mellor que despidas a xente para que vaian ás aldeas e merquen comida.

Xesús díxolles:

- Non precisan marchar, dádelles vós de comer.

Eles responderon:

- Aquí non temos máis ca cinco bolos de pan e mais dous peixes.

Pero Xesús replicoulles:

- Pois, traédemos aquí.

E mandando recostar á xente na herba, colleu os cinco bolos e mailos dous peixes, ergueu a mirada ao ceo, dixo a bendición, partiu os bolos e déullelos aos discípulos, que á súa vez llos pasaron á xente. E comeron todos ata se fartaren, enchendo coas sobras doce cestas. Os que comeron eran uns cinco mil, sen contar mulleres nin nenos.